

ENTRADAS/SAÍDAS RECINTO ESCOLAR

Como ben sabedes, durante este curso levarase a cabo a construcción do novo edificio ampliación do instituto actual, imprescindible ante o incremento de alumnado dos últimos anos e ante á implantación do bacharelato.

Somos conscientes de que esta situación vai supoñer algunas molestias, propias e inevitables deste tipo de actuacións, se ben confiamos na colaboración e implicación de toda a comunidade educativa para que ditas molestias repercutan o menos posible no desenvolvemento do curso académico.

Por esta razón temos que modificar espazos e rutinas da vida escolar para adaptarnos ao novo escenario.

Achegamos agora algunha destas modificaciós:

- A parte dianteira do recinto escolar, onde se está a realizar a obra, quedará inaccesible para toda a comunidade educativa mediante o valado correspondente.
- Entrada ao recinto escolar:
 - Cancela lateral.
 - Cancela do pavillón.
- Entrada/Saída de alumnado: cancela lateral.
 Se ben os autobuses de regreso á casa colleranse na estrada principal, no espazo reservado para tal efecto como en anos anteriores.
- Para facilitar a circulación vial na contorna do instituto pregamos utilizar un único sentido de circulación arredor do recinto escolar.

